



DATOS IDENTIFICATIVOS

Política social

Materia	Política social			
Código	O05G220V01404			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego Portugués			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Fernández Álvarez, Antón Lois			
Profesorado	Fernández Álvarez, Antón Lois			
Correo-e	alfa@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral

A Política Social é unha materia cuxos contidos son fundamentais na formación dos traballadores sociais, permitindo o coñecemento do marco xeral no que se desenvolven os sistemas de benestar social nos que intervén como profesional.

O presente plan de traballo pretende proporcionar coñecementos e elementos de reflexión cos seguintes fins:

- estudo dos aspectos conceptuais da política social;
- aproximación teórico-metodolóxica ao Estado de Benestar;
- confrontar diversas interpretacións da política social;
- analizar o estado actual da política social no noso país;
- efectos da integración europea e a mundialización das relacións sociais.

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
CG5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
CE2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
CE7	Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)

CE8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersonal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinação historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
CE10	Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
CE13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
CE21	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
CE24	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT3	Capacidade reflexiva
CT4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
CT10	Toma de decisións
CT15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
CT16	Razoamento crítico
CT17	Compromiso ético
CT24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecer os fundamentos e compoñentes da Política Social como disciplina académica e a súa relación histórica co Traballo Social	CB1 CB2	CG1	CE2 CE21	CT1 CT3
Coñecemento e comprensión do proceso histórico de reforma social, e as orixes, desenvolvemento, crise e reformulación do Estado do Benestar.			CE2 CE21	CT17 CT24
Coñecementos básicos das distintas concepcións ideolóxicas do Estado do Benestar.				CT3 CT15
Coñecemento da xénese, evolución e consolidación do Estado do Benestar no Estado español.			CE7 CE21	CT1 CT3
Traballar para a eliminación das barreiras, desigualdades e inxustizas que existen na sociedade.		CG5		CT16
Capacidade para analizar e valorar a influencia social e o pensamento social e as súas implicacións no Traballo Social.	CB3 CB4		CE13	CT3 CT17 CT24
Ser capaz de comprender e valorar distintos discursos.	CB2			CT15
Ser capaz de procurar o coñecemento a través de distintas vías.	CB5		CE8	
Ser capaz de percibir e interpretar acontecementos con flexibilidade.				CT3 CT16
Capacidade para desenvolver criterios de avaliación e aplicarlos ao proceso de aprendizaxe.	CB3 CB4			CT3 CT16
Habilidade para dialogar e chegar a acordos en traballos en grupo.			CE10 CE24	CT10
Demostrar habilidade na expresión oral de ideas propias e análises reflexivas en público.	CB4			CT3 CT4

Contidos

Tema	
1. Fundamentos históricos e teóricos da política social.	Que é a Política Social? As distintas políticas sociais.
2. O Estado do benestar: concepto e antecedentes	Antecedentes históricos. caracterización do Estado de Benestar: precedentes e manifestación plena. Política social do Estado de Benestar: posicións dominantes.
3. Cuestionamiento do Estado de benestar e a súa política social	A "crise" do Estado do Benestar. Cuestionamiento dos alicerces teóricos do Estado do Benestar. Precedentes e generalización da crítica nos anos oitenta. .
4. Principais propostas teórico-políticas á crise do Estado de benestar I	A crítica neoconservadora do Estado social: Crítica filosófica; Crítica dos dereitos individuais; Crítica utilitarista.
5. Principais propostas teórico-políticas á crise do Estado de benestar II	A "crítica da esquerda" do Estado social: Enfoque funcionalista. Enfoque conflictualista.
6. Transformacións sociais actuais e as políticas sociais	O futuro do Estado do Benestar na sociedade informacional. Política social e globalización. Política social e exclusión social.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	13	35
Seminario	7	8	15
Presentación	7	7	14
Seminario	8	6	14
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	8	8
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Traballo	1	15	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	15	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	15	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición, por parte da docente, dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, das bases teóricas e/ou das directrices dun traballo, do exercicio ou do proxecto a desenvolver polo/a estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Presentación	Exposición, por parte do alumnado, ante a docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Seminario	Entrevistas que o/a alumno/a mantén coa profesora da materia para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma (Programa TEMA http://faitic.uvigo.es).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	atención personalizada de grupos
Probas	Descrición
Traballo	tutorización personalizada de traballos

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Seminario	Busca e achega de documentación e asistencia e participación en clase.	3	CB1 CG1 CE2 CT17 CB2 CG5 CE7 CT24 CB3 CE8 CB4 CE10 CB5 CE13 CE21 CE24
Seminario	Asistencia a Congresos, Seminarios ou Xornadas de complementación da súa formación	2	CB1 CE8 CT1 CB2 CE10 CT3 CB3 CE13 CT4 CE21 CT10 CE24 CT15 CT16 CT17 CT24
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Realizar, na aula ou fóra dela, as actividades propostas nos Grupos Medianos.	10	CB5
Exame de preguntas obxectivas	Realización da proba.	40	CB1 CE21
Traballo	Exposición por parte do alumnado ante o docente e un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo ou exercicio.	15	CB2 CG1 CE2 CB3 CG5 CE7 CB4 CE8 CB5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización da proba.	30	CB1 CE10 CE13

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación Alumnos Asistenciais

Esta modalidade implica:

- Asistencia e participación en clase (un mínimo de un 80% das aulas) e asistencia a Congresos ou Seminarios no caso de ser propostos polo profesor (de 0,5 ata 1 punto).
- Asistencia e realización das tarefas requiridas nos Grupos Medianos (de 1,5 ata 2 puntos).
- Asistencia e cumprimento das tarefas requiridas nos Grupos Pequenos (de 1 ata 1,5 puntos).
- Realización de unha proba dividida en dous bloques, un de resposta tipo test e outra de resposta curta (ata 7 puntos).

Avaliación non asistentes

Esta modalidade implica:

- Conexión e realización das tarefas requiridas na Plataforma Moovi. Estableceranse prazos de entrega (ata 2 puntos).
- Realización e entrega de dous comentarios críticos sobre unha selección de lecturas (1 punto). *A comezo de curso deixarase na plataforma MOOVI a documentación coa relación de lecturas, así como as pautas e os prazos de entrega.*
- Realización dun exame escrito (ata 6 puntos). Responder as preguntas específicas sobre as lecturas no exame (ata 1 punto).

As e os estudantes que entreguen os traballos e exercicios fóra dos prazos acordados non se lles computará esa parte da cualificación en cada caso.

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

De non ser superada a materia, as competencias non adquiridas na 1ª convocatoria poderán ser avaliadas na convocatoria de Xullo.

A 1ª convocatoria, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria de xullo.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

As datas e horarios dos exames poderá consultarse no seguinte enderezo electrónico: <http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/exámenes/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CONTRERAS PELÁEZ, F. J., **Defensa del Estado Social**, 1996,

RUBIO LARA, M. J., **El Estado Liberal y el Estado Liberal-Democrático** en A. DE BLAS GUERRERO, M. J. RUBIO LARA y J. DE ANDRÉS SANZ, **Teoría del Estado**, 2003,

RUBIO LARA, M. J., **El Estado de Bienestar** en A. DE BLAS GUERRERO, M. J. RUBIO LARA y J. DE ANDRÉS SANZ, 2003,

Bibliografía Complementaria

ARRIBA GONZÁLEZ DE DURANA, A., **El concepto de exclusión en política social**, Documento de Trabajo 02-01, 2002,

T. FERNÁNDEZ GARCÍA Y Y. M. DE LA FUENTE, **Política Social y Trabajo Social**, 2009,

GARCÍA-PELAYO, M., **Las transformaciones del Estado contemporáneo**, 1977,

MONTAGUT, T., **Política Social**, 2000,

NAVARRO, V., **Bienestar insuficiente, democracia incompleta. De lo que no se habla en nuestro país.**, 2003,

Recomendacións

Outros comentarios

A comezos de curso e sempre antes de finais de xaneiro, as e os estudantes deberán dispor na plataforma TEMA dunha dirección de correo electrónico e unha fotografía.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios e foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

*Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

*Modificacións (se proceden) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

*Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

*Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

*Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa

ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

***Probas que se modifican**

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

***Novas probas:**

Non se prevén novas probas de avaliación.

***Información adicional**

Non hai.
